



Concello de Ortigueira

Expediente nº: 60/2018

Asunto: Aprobación das bases de selección de persoal de limpeza subvencionado a través do programa para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga).

Procedemento: Aprobación de bases de selección de persoal

RESOLUCIÓN

Antecedentes:

Por resolución do xefe territorial de Economía, Emprego e Industria, de data 5 de xuño de 2018, comunicada a este concello o día 7 do mesmo mes, concedese unha subvención, ao Concello de Ortigueira e o abeiro da *ORDE do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2018.*", publicada no DOG. Nº 9 o 12 de xaneiro de 2018, para a contratación de dous traballadores, durante un período de sete meses, por unha xornada de 74,66%, para o desenvolvemento da actuación denominada MANTEMENTO E LIMPEZA DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

Considerando que a orde da convocatoria pola que se subvenciona a contratación deste persoal vai dirixida á contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social como perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral, e dado que este colectivo, en xeral, carece de estudos, en aras do interese público, resulta especialmente necesario acollerse á subvención para a contratación das persoas perceptoras de Risga para impulsar a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.

Lexislación aplicable:

ORDE do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2018.", publicada no DOG. Nº 9 o 12 de xaneiro de 2018.

Consideracións:

Visto que o prazo para realizar os tramites e formalizar a contratación é dun mes dende a recepción da comunicación da resolución da subvención polo que remata o vindeiro 7 de xullo, e que o non cumprimento de dito prazo ocasionaría grave prexuízos tanto aos intereses municipais como as persoas que poidan resultar beneficiarias da convocatoria.

Visto que segundo decreto de Alcaldía de data 6 de xullo de 2015, a competencia para a aprobación das bases dos procesos selectivos foi delegada na Xunta de Goberno Local.

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

No uso das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e polos artigos 185 e 217.d do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia para esta Alcaldía no referente a aprobación das bases para a contratación laboral temporal, de dous peóns de limpeza, para o programa de mantemento e limpeza de infraestruturas municipais subvencionado ao abeiro da orde de 9 de maio de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a convocatoria para o ano 2017. (DOG núm 96 de 22 de maio de 2017) as atribucións delegadas na Xunta de Goberno Local relativas a aprobación das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, de conformidade co establecido no artigo 10.1 da lei de 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo comun das Administracións Públicas

Segundo.- Aprobar as seguintes bases que rexerán a convocatoria de selección de dous peóns de limpeza do Concello de Ortigueira.

“BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTUACIÓN DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA INCLUÍDO DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA FINANCIADO POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Ortigueira solicitou de conformidade coa ORDE do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2018.”, publicada no DOG. Nº 9 o 12 de xaneiro de 2018., unha subvención para a contratación de dous peóns, cunha xornada de 30 horas semanais, durante 7 meses, para o desenvolvemento da actuación PROGRAMA DE MANTEMENTO E LIMPEZA DE INSTALACIONES MUNICIPAIS

No artigo 12 da devandita orde do 12 de decembro de 2017, establececese entre outros puntos que:

a) En todo caso, as contratacións polas cales se conceda a subvención deberán ser para a realización de obras ou servizos de interese xeral e utilidade social, competencia das entidades locais.

b) Con independencia da duración do contrato, o período de contratación subvencionable será de sete meses. Os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución de concesión da subvención e, en todo caso, dentro do exercicio 2018.

Excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, a persoa responsable da respectiva xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá autorizar a prórroga do dito prazo establecido na resolución de concesión, logo da solicitude para o efecto da entidade beneficiaria.

c) A selección de traballadores e traballadoras que se contraten será realizada por un grupo mixto constituído para tal fin por representantes da Consellería de

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

Economía, Emprego e Industria, da entidade beneficiaria e dos equipos de inclusión sociolaboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, cando o ámbito territorial da entidade beneficiaria estea comprendido dentro das súas demarcacións para a intervención, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

d) Os traballadores e traballadoras que se contraten deberán ser, en todo caso, persoas perceptoras da Risga e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares.

e) Calquera que sexa a entidade local que realice as contratacións, deberá solicitar as persoas demandantes non ocupadas necesariamente mediante a presentación da oferta específica do programa de contratación de persoas beneficiarias da Risga nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia. Excepcionalmente, mediante a autorización expresa da respectiva xefatura territorial, e logo da acreditación da condición de persoa beneficiaria da Risga por parte da entidade solicitante, poderán utilizarse ofertas especiais con vinculación nominal.

f) Efectuada a selección dos traballadores e traballadoras, a entidade beneficiaria procederá á súa contratación utilizando necesariamente a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

Por resolución do xefe territorial de Economía, Emprego e Industria, de data 5 de xuño de 2018, comunicada a este concello o día 7 do mesmo mes, concedese unha subvención, ao Concello de Ortigueira e o abeiro da citada orde de 12 de decembro de 2017, para a contratación de dous traballadores, durante un período de sete meses, por unha xornada de 74,66%, para o desenvolvemento da actuación denominada MANTENIMENTO E LIMPEZA DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS

PRIMEIRA.- OBXECTO:

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de selección de dous traballadores/as de conformidade coa *ORDE do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2018*, publicada no DOG. Nº 9 o 12 de xaneiro de 2018

Os dous traballadores/as terán a condición de peóns de limpeza (grupo 10)

A modalidade contractual que se empregará será a de obra ou servizo determinado a tempo parcial, contrato de interese social, dun 74,66% da xornada completa, e por un período de sete meses, condicionado o contrato á subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego, e Industria, (expte. TR351F 2017/4-1)

Os traballadores recibirán a remuneración que se especifica no anexo da resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se conceda ao Concello unha subvención, con cargo a *ORDE do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se*

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

aproba a súa convocatoria para o ano 2018, publicada no DOG. Nº 9 o 12 de xaneiro de 2018

SEGUNDA.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES:

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos xerais:

- a) Figurar na lista de preselección remitida polo Servizo Galego de Colocación.
- b) Estar inscrito no Servizo Galego de Colocación como demandante non ocupado tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.
- c) Ser perceptor de RISGA no momento da selección e no da formalización do contrato.
- d) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadada a idade de xubilación.
- e) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes tarefas.
- f) Non ter sido separado do servizo ou despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos Órganos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- g) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

TERCEIRA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte na presente contratación, unha vez recibida a correspondente notificación do Servizo Galego de Colocación, deberán presentarse, no prazo que se indica na devandita notificación ou, de se o caso no momento que se citen pola Administración Local, nas oficinas municipais co fin de formalizar a solicitude de participación no proceso selectivo segundo o modelo que figura no anexo I das presentes bases e achegar a seguinte documentación:

- a) fotocopia do DNI.
- b) Notificación do Servizo Galego de Colocación.
- c) Acreditación de ser perceptor/ra de RISGA.
- d) Currículo, méritos alegados aos efectos desta convocatoria e documentación xustificativa dos mesmos.
- e) Certificación de aptitude do Celga 2.

Toda a documentación que se achegue deberá ser orixinal ou copia compulsada polo responsable do Rexistro de Entrada de Documentos do Concello.

CUARTA.- PROCESO DE SELECCIÓN

O Concello de Ortigueira presentará a oferta xenérica na Oficina das Pontes do Servizo Galego de Colocación nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos que deban reunir os traballadores que se contraten para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, e solicitando o máximo de traballadores/as que a devandita Oficina poida



Concello de Ortigueira

preseleccionar

A oferta na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos conforme o disposto no artigo 12º d) da *ORDE do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2018*, publicada no DOG. Nº 9 o 12 de xaneiro de 2018

Unha vez remitida ao Concello de Ortigueira, por parte da Oficina Publica de Emprego, a relación de candidatos/as preseleccionados/as para a súa posible contratación, conforme aos criterios e requisitos previamente solicitados, o Concello publicará anuncio na sede electrónica-o taboleiro de anuncios-emprego público, e no taboleiro do Concello, coa relación de ditos candidatos/as e concedendo un prazo de tres días hábiles para que presente a solicitude e documentación de conformidade co establecido na base terceira da presente convocatoria. Todo elo sen prexuízo de que a Administración Local poderá, ase mesmo, informar aos candidatos/as preseleccionados do citado prazo para presentar a documentación mediante chamamento telefónico.

Transcorrido devandito prazo para presentar a documentación a Alcaldía ditará resolución aprobando a listaxe definitiva de admitidos e excluídos así como a composición da Comisión de Selección e data e hora na que se reunirá a mesma para realizar o proceso selectivo. Dita resolución publicarase na sede electrónica-o taboleiro de anuncios-emprego publico e no taboleiro do Concello.

A Comisión de Selección, constituída ao efecto, nos termos previstos nestas bases, procederá a selección definitiva dos candidatos/as, á vista do currículo enviado polo Servizo Público de Emprego de Galicia e os méritos alegados polos/las aspirantes na súa solicitude, conforme ao seguinte concurso de méritos:

I.- Experiencia profesional. (Máximo 5 puntos):

Por servizos prestados en réxime laboral ou funcionarial en calquera entidade do sector público ou na empresa privada, sempre que refíranse a un posto de traballo coas mesmas funcións que as detalladas nestas bases (peón de limpeza e mantemento).

A experiencia valorarase:

- 1. Por cada mes de traballo na Administración Publica 0,06 puntos**
- 2. Por cada mes de traballo na empresa privada 0,05 puntos.**

Para acreditar a experiencia laboral no sector público deberá aportarse certificado ou documento que corresponda, segundo proceda, dos servizos prestados, con indicación da especialidade e categoría profesional, data de inicio e finalización.

Para acreditar a experiencia laboral no sector privado e por conta allea, será necesario presentar os contratos de traballo nos que conste a categoría profesional e especialidade dos postos desempeñados. En caso de omitirse a categoría laboral no contrato estarase ao grupo de cotización que figure no informe de vida laboral

II. Formación. (Máximo 5 puntos):

1. Por cursos, xornadas, seminarios ou congresos de formación e perfeccionamento realizados polos aspirantes, en calidade de

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 A Coruña. Tfno. 981400000. Fax: 981402536



Concello de Ortigueira

alumnos, relacionados co posto de traballo a ocupar, e que fosen organizados ou impartidos polas Administracións Públicas ou Entidades particulares recoñecidas ao efecto por calquera Administración Pública. Para este último caso os aspirantes deberán aportar o documento acreditativo do recoñecemento ou homologación oficial do curso, xornada, seminario ou congreso. Cada curso será valorado 0,01 puntos hora. Non se valoraran os cursos cunha duración inferior a dez horas.

2. Por estar en posesión de permiso de conducir: 0,5 puntos.
3. Polo coñecemento acreditado do idioma galego superior ao esixido (só se valorará o grao superior alegado)
 - Celga 3 ou equivalente: 0,20 puntos
 - Celga 4 ou equivalente: 0,25 puntos
 - Celga 5 ou equivalente: 0,30 puntos

Os cursos xustificaranse mediante fotocopia dos certificados, diplomas, documentos ou títulos acreditativos dos mesmos.

III.- Por circunstancias persoais

1. Por ter ao seu cargo o cónxuxe ou parella de feito ou similar fillos e fillas menores de idade o maiores de dezoito anos incapacitados, que convivan no domicilio do/a aspirante: 0,50 puntos por cada persoa, ata un máximo de 2 puntos
2. Por ser maior 45 anos: 2 puntos
3. Por ser maior de 30 e menor ou igual de 45 anos: 1,5 puntos
4. Por ser menor ou igual de 30 anos: 1 punto
5. Por ter asignado un proxecto de inserción de carácter laboral (debendo acreditarse mediante certificación do órgano competente) ata 2 puntos: laboral 2 puntos, prelaboral: 1,5 puntos; mixto: 1 punto; sociofamiliar; 0,5 puntos.
6. Por levar máis dun ano cobrando a RISGA contado ata a data da presentación da oferta na oficina de emprego: 1 punto

Os méritos alegados por circunstancias persoais deberán acreditarse mediante certificado ou informe expedido polos Servizos Sociais do Concello ou, no seu caso, polo órgano competente

Os posibles empates nas puntuacións dirimiranse mediante a aplicación dos seguintes criterios.

Terán preferencia os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, pola seguinte orde de preferencia:

- 1) Persoas desempregadas que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral.
- 2) Persoas desempregadas maiores de 45 anos
- 3) Persoas desempregadas que teñan cargas familiares.
- 4) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
- 5) Persoas con discapacidade.
- 6) Persoas paradas de longa duración.
- 7) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que teñan dereito.

QUINTA.- PROPOSTA DE SELECCIÓN:

Valorados todo os méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

esixidas, o Presidente da Comisión formulará a correspondente proposta de contratación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, remitíndose a mesma á Alcaldía, e sen superar, en ningún caso, o número de postos convocados. Esta proposta será publicada no taboleiro de anuncios-emprego público da Sede Electrónica do Concello e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

A Comisión configurará, igualmente, unha lista cos restantes aspirantes non seleccionados, segundo a orde da puntuación acadada, e no caso de renuncias, baixas ou substitucións, procederase a chamamento da seguinte persoa, por rigorosa orde de puntuación, sempre que no momento de formalizar a contratación reúna os requisitos fixados nas bases de selección, procedendo a súa contratación polo tempo que reste ata o remate do contrato.

No suposto de que a listaxe de garda se esgotase ou ningún dos seus integrantes estivese dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo proceso selectivo.

SEXTA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Os/as aspirantes propostos/as presentará no rexistro do Concello, no prazo de 2 días hábiles contados desde a publicación do resultado do proceso selectivo a seguinte documentación:

- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das tarefas propias da praza (no caso de que non se presentase coa solicitude de participación do proceso selectivo).
- Copia da tarxeta de desemprego.
- Declaración responsable de que non ter sido separado do servizo ou despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos Órganos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenrolo de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía e de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente

No caso de que non se presentase dita documentación no prazo establecido entenderase que o/a aspirante renuncia ao posto de traballo, pasando a chamarse ao seguinte da listaxe de reserva

Unha vez presentada dita documentación o Alcalde formalizará cos aspirantes o correspondente contrato laboral previsto nas presentes bases

Ata que se formalice o contrato e se incorpore o/a candidato/a ao posto, os/as aspirantes non terán dereito a percepción económica algunha

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SELECCIÓN:

A selección de traballadores e traballadores que se contraten será realizada por un grupo mixto constituído para tal fin, de conformidade co establecido no artigo 12 c) da orde de *ORDE do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a*



Concello de Ortigueira

contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2018, publicada no DOG. Nº 9 o 12 de xaneiro de 2018, e estará integrado por un representante da Consellería de Economía, Emprego e Industria, un representante da entidade beneficiaria e un representante dos equipos de inclusión sociolaboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, e actuarán de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

A comisión de selección non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da metade dos seus membros.

A comisión de selección será obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios-Emprego Público da Sede Electrónica do Concello e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

A comisión de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

Os membros da comisión de selección deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran algunha das circunstancias previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992. Igualmente, os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorran algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior no prazo de dez días desde a publicación da súa composición.

As decisións da comisión de selección adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes.

A comisión de selección queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

Ós efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Contra os actos e decisións da comisión de selección, cabe interpoñer recurso de alzada ante o Sr. Alcalde sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE.

D/ D^a....., con DNI número....., e domicilio, para os efectos de notificación,

en....., C.P....., teléfono.....

Expón:

Que desexa participar na convocatoria para a provisión de dous postos de traballo de PEÓN DE LIMPEZA mediante contratación en réxime laboral temporal por obra ou servizo determinado, de interese social, para o PROGRAMA DE MANTENIMENTO E LIMPEZA DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, subvencionado pola, Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da orde de 12 de decembro de 2017.

Para tal efecto fai constar:

1º.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base segunda da

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

convocatoria.

2º.- Que coñece e acata incondicionalmente o contido das bases.

3º.- Que son certos tódolos datos que se fai constar na presente solicitude.

4º.- Que achega coa presente solicitude a seguinte documentación:

- DNI ou equivalente
- Notificación do Servizo Galego de Colocación
- Acreditación de ser perceptor/ra de RISGA
- Informe de vida laboral
- Certificados de servizos previos
- Contratos de traballo
- Certificados xustificativos do coñecemento de galego
- Cursos, xornadas e seminarios de formación
- Copia do permiso de conducir
- Outros: _____

Solicita:

Ser admitida/o a participar no referido proceso selectivo

Ortigueira, a

Asinado:

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA.

Terceiro.- Que se publiquen as presentes bases na Sede Electrónica e no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello de Ortigueira, aos efectos oportunos.

Cuarto.- Que se presente a oferta xenérica na Oficina do Servizo Galego de Colocación de As Pontes, en cumprimento no establecido na citada orde de 12 de decembro de 2017.

O Alcalde

Asinado dixitalmente ao marxe

Dilixencia de Secretaría

No exercicio das funcións de fe pública que me atribúe o artigo 2.d) do Real Decreto

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

1174/1987, de 18 de setembro, poño esta dilixencia para facer constar que a presente resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura. Esta dilixencia non presupón informe xurídico favorable ou desfavorable do seu contido.

O Secretario

Asinado dixitalmente ao marxe